

PROGRAMA PILOTO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL INVESTIGADOR DISTINGUIDO - CONVOCATORIA 2021

A Programación Plurianual 2019-2022 da USC, cuxas liñas foron aprobadas no Claustro o 29 de novembro de 2018, inclúe a elaboración dun Plan de Captación e Retención de Talento Investigador desde o convencemento de que a nosa Universidade constitúe unha contorna científica e académica de primeiro nivel no contexto universitario español para impulsar a carreira científica do persoal investigador. Por conseguinte, constitúe un dobre obxectivo para este período:

- a) Crear as condicións máis favorables para impulsar a incorporación en todas as áreas de coñecemento da USC de persoal investigador recoñecido, contribuíndo deste xeito a enriquecer a masa crítica científica e a base académica institucional
- b) Incentivar a incorporación de novos perfís científicos en áreas de I+D de carácter estratéxico nos procesos de especialización dos campus, centros ou unidades de investigación de referencia.

A Universidade de Santiago de Compostela busca, desde xeito, fortalecer a actividade investigadora de alto nivel e proxección internacional, en liña coas recomendacións da Carta Europea do Investigador e co Código de Conduta para a contratación de investigadores (EE/2005/251/CE).

Por outra banda, no Plan de Acción que recolle a Estratexia de Recursos Humanos para o Persoal Investigador (Human Resources Strategy for Research - HRS4R) da USC, inclúese a mellora, entre outros, dos procesos e procedementos para a selección e contratación do persoal investigador.

A USC estableceu as bases da carreira investigadora no *Acordo sobre a clasificación profesional e as condicións retributivas do persoal investigador e do persoal de apoio á investigación da Universidade de Santiago de Compostela* (DOG 237, 24 de novembro 2020) a través da negociación coa parte social e tendo en conta as demandas das estruturas de investigación.

O impulso a este camiño iniciado en 2018 precisa dun programa propio de I+D+i que sirva para potenciar a actividade investigadora mediante a incorporación da figura de persoal investigador distinguido ao abeiro do artigo 23 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, tecnoloxía e innovación, desenvolta nos termos e coas condicións recollidas no Acordo mencionado.

Este programa piloto deberá ser un primeiro paso no desenvolvemento pleno da carreira investigadora e debe implicar un substancial cambio do modelo de financiamento da actividade investigadora para asegurar a súa permanencia.

Así mesmo, internamente, a Universidade debe tender á creación de estruturas de investigación que permitan un cambio na xestión dos ingresos indirectos similar á proposta no programa piloto para os centros singulares que, dese xeito, reverta tamén na consolidación da carreira investigadora.

Esta convocatoria contempla dous ámbitos diferenciados, por unha parte atende as necesidades dos centros singulares de investigación, articulando o retorno de parte dos ingresos xerados por custos indirectos da investigación desenvolta nestas estruturas, que se destinarán a financiar unha parte dos custos da contratación.

Por outra, este Programa potencia a través do financiamento contemplado no convenio de colaboración co Banco Santander 2021-2024, a captación de persoal investigador distinguido en grupos de referencia competitiva non adscritos a centros singulares, potenciando desta forma o seu desenvolvemento e consolidación.

A singularidade desta primeira convocatoria e da categoría laboral que se oferta levan a que os prazos reducidos da contratación ordinaria aplicables de conformidade co Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+I non se axusten para este caso, no que cómpre unha difusión ampla e de carácter internacional que precisa de prazos máis longos para a solicitude e as emendas.

Á vista do exposto, tendo en conta as previsións do Acordo sobre a clasificación profesional e as condicións retributivas do persoal investigador e do persoal de apoio á investigación da Universidade de Santiago de Compostela, o Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+I, modificado por acordo do Consello de Goberno do 7 de febreiro de 2020 e as previsións da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, esta Reitoría convoca un procedemento selectivo de conformidade coas seguintes:

BASES DA CONVOCATORIA

1. OBXECTO

O obxecto desta convocatoria é a incorporación de persoal investigador distinguido nos grupos e estruturas de investigación da USC de conformidade coa seguinte distribución:

- a) Cinco investigadores/as distinguidos/as, modalidade Manuela Barreiro, vinculados a Grupos de Referencia Competitiva non adscritos a centros singulares.
- b) Seis investigadores/as distinguidos, 4 na modalidade Manuela Barreiro e 2 na modalidade Sergio Vidal, vinculados a grupos de investigación adscritos aos seguintes centros singulares: Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CiMUS), Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CiQUS), Centro de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes da USC (CiTIUS) e o Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE).

2. FINANCIAMENTO E DURACIÓN DOS CONTRATOS

1. Esta convocatoria tramítase de conformidade co establecido no artigo 46 do Regulamento de xestión orzamentaria da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno do 29 de decembro de 2020 para a tramitación anticipada de gastos polo que a súa eficacia queda condicionada a que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Universidade de Santiago de Compostela que se aproben para o ano 2021.

2. O financiamento da presente convocatoria efectuarase con cargo ás partidas de gasto correspondentes aos orzamentos da Universidade de Santiago de Compostela para o ano 2021 que se describen a continuación:

a) A contratación do persoal investigador distinguido vinculado a Grupos de Referencia Competitiva financiarase no marco do convenio de colaboración co Banco Santander para os anos 2021-2024 con cargo á partida 8050.359I.64000. A duración máxima dos contratos será ata o 31 de decembro de 2024 e as retribucións básicas brutas, compostas por soldo base e complemento de categoría, serán de 29.039,38 € anuais máis custos sociais, sen prexuízo dos complementos retributivos que se poidan engadir, se ó caso, e das actualizacións retributivas que procedan nas seguintes anualidades.

b) A contratación do persoal investigador distinguido vinculado a centros singulares financiarase con cargo ás partidas de gasto deses centros. A duración máxima dos contratos será de catro anos e as retribucións básicas brutas, compostas por soldo base e complemento de categoría, serán de 29.039,38 € máis custos sociais na modalidade Manuela Barreiro e de 35.831,31 € na modalidade Sergio Vidal, sen prexuízo dos complementos retributivos que se poidan engadir, se ó caso, e das actualizacións retributivas que procedan nas seguintes anualidades.

3. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

As persoas aspirantes deben reunir os requisitos seguintes:

1. Ter a titulación de doutor/a ou equivalente na data de finalización de presentación de solicitudes e que este fose obtido antes do 1 de xaneiro de 2019 para a modalidade Manuela Barreiro e antes do 1 de xaneiro de 2018 para a modalidade Sergio Vidal. Entenderase como data de obtención do grao de doutor/a a data do acto de defensa e aprobación da tese doutoral. No caso das persoas investigadoras solicitantes que estean en posesión de máis dun título de doutor/a, o requisito anterior referirase ao primeiro dos títulos obtidos.

2. Ter un mínimo de 2 anos de experiencia posdoutoral na modalidade Manuela Barreiro e de 3 anos de experiencia posdoutoral na modalidade Sergio Vidal, en universidades ou centros de I+D, españois ou estranxeiros, distintos a aquel ou aqueles nos que se obtivo o título de doutoramento. Esta experiencia deberá estar debidamente acreditada mediante contratos e/ou bolsas, de carácter remunerado.

3. Ter nacionalidade española, ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou ser nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito. Nas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de idade dependentes. Así mesmo, poderán participar as persoas estranxeiras de países non contemplados nos supostos anteriores. Neste caso, para poder asinar o contrato deberán residir legalmente en España e contar con permiso de traballo ou coa súa excepción.

4. Ter cumpridos os dezaseis anos.
5. Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitacións físicas ou psíquicas incompatibles co desempeño das correspondentes funcións.
6. Non ter sido separado/a do servizo de calquera Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Os/as aspirantes que non tivesen a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estaren sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.
7. Non atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para os empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.

Os anteriores requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.

4. SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

1. A presentación de solicitudes farase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na Sede Electrónica da Universidade de Santiago de Compostela a través da seguinte ligazón:
<https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/ContratacionPersoalInvestigadorDistinguido.htm>

2. O prazo para presentar as solicitudes será de **20 días naturais**, contado a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Taboleiro Electrónico da Universidade de Santiago de Compostela. Así mesmo, para mellorar a difusión da convocatoria, será publicada en Euraxess.

5. DOCUMENTACIÓN

1. As solicitudes deberán vir acompañadas da seguinte documentación que tamén será presentada na sede electrónica:

- Solicitud asinada polo candidato na que deberá constar a liña de investigación de entre as que figuran nos Anexos I e II.
- Copia do título de doutor/a ou equivalente, ou documento que acredite fidedignamente a súa posesión.
- Declaración responsable de que reúnen todos e cada un dos requisitos exixidos na convocatoria e de que os méritos alegados para a primeira fase de concurso son certos e posúen os documentos orixinais que o acreditan.
- Currículo vitae abreviado (CVA) preferentemente no modelo da páxina web da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT) <https://www.fecyt.es/es/tematica/curriculum-vitae-abreviado>.
- Os méritos alegados poderán ser acreditados por calquera medio que permita a súa constancia e valoración por parte das comisións.

- Memoria coa descrición do proxecto científico a desenvolver e que non poderá exceder das 5.000 palabras.

2. O órgano de selección non valorará aqueles méritos das persoas aspirantes que non estean acreditados, nin aqueles posteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

6. ADMISIÓN DE SOLICITUDES

1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Reitoría publicará a lista de solicitudes admitidas e excluídas sinalando, se é o caso, as causas da exclusión, no taboleiro electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>)

2. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de **10 días naturais**, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder emendar os defectos ou acompañar os documentos que motivaron a súa exclusión.

3. A emenda farase unicamente a través de sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela no formulario habilitado para estes efectos
https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/EmendaContr_PersoallInvestigadorDistinguido.htm

4. Os aspirantes que dentro dos prazos sinalados non emenden ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos. Unha vez transcorrido o prazo para as emendas ou alegacións, a Reitoría publicará unha resolución pola que se aproban as listas definitivas das solicitudes admitidas e excluídas no Taboleiro Electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>).

5. O feito de figurar na listaxe de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, que terán que acreditarse no seu momento.

6. Non axustarse aos termos desta convocatoria, o incumprimento dos requisitos nela establecidos, a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada será causa de non admisión da solicitude presentada, con independencia de que se poidan acordar outro tipo de actuacións. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras

7. ÓRGANOS DE SELECCIÓN

1. Constituiranse cinco comisións de selección para as solicitudes presentadas ao abeiro da base 1.a) e unha comisión de selección para as solicitudes presentadas de conformidade coa base 1.b).

2. As comisións estarán constituídas por cinco membros de recoñecido prestixio, nomeados pola Reitoría, pertencentes ás áreas de coñecemento das liñas de investigación ofertadas nesta convocatoria e con vinculación laboral fixa ou funcional na institución á que pertencen. Na conformación das comisións, tanto titulares como suplentes, procurarase unha composición equilibrada entre mulleres e homes, agás que

non sexa posible por razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas. A súa composición figura nos anexos III e IV.

3. Os membros das comisións deberán absterse de intervir, notificándollo ao reitor da Universidade, cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros da comisión cando concorran algunha das circunstancias antes citadas.

4. No acto de constitución e antes de acceder á documentación achegada polas persoas aspirantes, as comisións aprobarán e publicarán no Taboleiro Electrónico os criterios de valoración das dúas fases ás que se refire a base 8. Unha vez rematada a primeira fase, a comisión publicará relación de aspirantes que pasan á segunda fase e realizará a convocatoria para a defensa, incluíndo a data, hora e lugar de celebración.

5. Ademais dos informes previstos na base 8.2, as comisións de selección poderán solicitar informes expertos externos para a valoración que formará parte do expediente, sen prexuízo do disposto na base 8.2.

8. PROCEDIMIENTO DE AVALIACIÓN

1. A selección do persoal investigador realizarase baixo os principios establecidos no artigo 16 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación e de conformidade co Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+I, aprobado por Consello de Goberno o 27 de setembro de 2019, e modificado nas súas sesións do 29 de outubro de 2019 e do 7 de febreiro de 2020.

2. O sistema de selección será o concurso, con dúas fases, mediante a valoración dos seguintes aspectos:

a) A primeira fase do concurso ten por obxecto a comprobación e cualificación dos méritos das persoas aspirantes. Valoraranse os méritos descritos a continuación ata un máximo de 60 puntos e pasarán á segunda fase, como máximo, as tres persoas con mellor puntuación en cada praza.

a.1). Achegas científicas. Valoraranse a relevancia e a contribución da persoa candidata nos artigos publicados en revistas científicas, os libros ou capítulos de libros científicos e técnicos, os traballos presentados en congresos e, en xeral, en calquera outra achega que permita valorar os diferentes aspectos da investigación, incluíndo a transferencia de coñecemento. Puntuación: de 0 a 35 puntos.

a.2) Participación en programas, proxectos ou contratos de I+D+i. A dirección ou coordinación científica de grupos e de proxectos de investigación. Valorarase a implicación directa en proxectos ou contratos internacionais de investigación como accións relacionadas cos programas do Consello Europeo de Investigación, outros programas competitivos do Programa marco ou outras axencias internacionais, así como o financiamento obtido de mobilidade internacional (experiencia pre ou posdoutoral en países distintos ao seu país de orixe, etc.). Puntuación: de 0 a 20 puntos.

a.3) Resto de méritos curriculares. Valorarase calquera outra achega que permita valorar méritos curriculares non incluídos nas outras epígrafes, incluíndo actividades de divulgación científica. Puntuación: de 0 a 5 puntos.

b) A segunda fase do concurso ten por obxecto valorar o proxecto de investigación relacionado coa liña para a que se presenta a persoa candidata. As persoas que superasen a primeira fase do concurso realizarán a defensa perante as comisións de selección dun proxecto relacionado coa liña de investigación que se declarou na solicitude, durante un tempo máximo de 20 minutos. A puntuación máxima será de 40 puntos sendo necesario obter como mínimo 20 puntos para superar esta fase.

Para a selección dos contratos da base 1.a), con carácter previo, as comisións de selección requirirán un informe ás persoas coordinadoras dos grupos de investigación sobre a viabilidade dos proxectos de investigación presentados, a súa capacidade para captar fondos así como a coherencia, impacto potencial e resultados previsibles en relación coa liña de investigación.

As comisións poderán formular todas as preguntas que consideren convenientes e valorarán a defensa tendo en conta o informe previo previsto na alínea anterior e a exposición da persoa aspirante, a claridade, e a capacidade de resposta da persoa candidata ás cuestións que se lle formulen.

3. A cualificación final do proceso será a suma das puntuacións correspondentes ás dúas fases do concurso.

4. As comisións de selección elaborarán un informe que elevarán á Reitoría, no que farán constar a súa proposta coa relación de persoas candidatas a ser contratadas ordenadas pola puntuación total acadada en todos os apartados.

9. RESOLUCIÓN DE SELECCIÓN

1. A Reitoría, á vista dos informes emitidos polas comisións de selección, publicará a resolución de cada praza, que incluírá a relación de persoas seleccionadas e a lista de agarda, de ser o caso.

2. A resolución publicarase no Taboleiro Electrónico da Universidade de Santiago de Compostela, pola cal se entenderá notificada para todos os efectos ás persoas solicitantes, de conformidade co artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Reitoría da Universidade de Santiago de Compostela, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación.

4. A resolución publicarase no prazo máximo de **tres** meses desde o inicio do prazo de presentación de solicitudes. A non resolución en prazo faculta as persoas interesadas para entenderen desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

10. CARACTERÍSTICAS E FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS

1. Os contratos a tempo completo realizaranse baixo a modalidade de persoal investigador distinguido Manuela Barreiro ou Sergio Vidal, de conformidade coa base 1.a) e b), coas características contempladas no *Acordo sobre a clasificación profesional e as condicións retributivas do persoal investigador e do persoal de apoio á investigación da Universidade de Santiago de Compostela* (DOG 237, 24 de novembro 2020).
2. Este persoal deberá superar unha avaliación aos dous anos de contrato de conformidade co sistema de avaliación obxectivo que se estableza para estes efectos.
3. Antes de proceder á sinatura, as persoas seleccionadas deberán presentar a documentación que acredite o cumprimento dos requisitos esixidos para acceder a cada tipo de praza nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Agás supostos debidamente motivados, quen non presente a documentación referida ou cando do seu exame se deduza que carecen dos requisitos requiridos decaerá no seu dereito a desempeñar os postos para os que foron seleccionados, procedendo a Universidade a formalizar a contratación coa persoa proposta na seguinte posición, de ser o caso.
4. A contratación non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación ao cadro de persoal da Universidade de Santiago de Compostela.

11. RESPONSABILIDADES SUBSIDIARIAS

As persoas contratadas deberán manter a confidencialidade da actividade que realicen, así como gardar sigilo de todas cantas cuestións e asuntos inherentes á mesma sexan coñecedores.

12. INCOMPATIBILIDADES

Os contratos obxecto desta convocatoria quedarán sometidos, en canto ao seu réxime de incompatibilidades, ao previsto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

13. DIFUSIÓN

1. A publicación da convocatoria realizarase no Taboleiro Electrónico da Universidade de Santiago de Compostela, única publicación válida para os efectos dos prazos nela establecidos.
2. Co obxecto de dar unha difusión ampla, aberta e internacional, a convocatoria publicarase no portal de emprego EURAXESS.

14. NOTIFICACIÓN AOS ASPIRANTES

De acordo co artigo 45.11b) da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, as publicacións detalladas nestas bases, así como a información doutros actos que dela se deriven, que requiran publicación, a efectos de notificación realizaranse no Taboleiro Electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>) única notificación válida, para os efectos do artigo mencionado.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.) da Lei da Xurisdición contencioso-administrativa, aprobada pola Lei 29/1988, do 13 de xullo.

Non obstante os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2021

O reitor da Universidade de Santiago de Compostela

Antonio López Díaz

ANEXO I. Liñas de investigación vinculadas a Grupos de Referencia Competitiva

A. Humanidades

Grupo de Referencia Competitiva	Liña
GI-1657 Historia agraria e política do mundo rural. Séculos XIX e XX (HISTAGRA)	Patrimonio histórico
GI-1919 Síncrisis - Investigación en Formas Culturais (Síncrisis)	
GI-1924 Discurso e Identidade D&I	Análise Cultural e Novos Medios
GRC GI-1667 Razoamento, Discurso e Argumentación (RODA)	
GI-1371 Teoría da Literatura e Literatura Comparada (TLLC)	
GI-1377 Grupo de Investigación Calderón de la Barca - GIC	Edición dixital literaria e elaboración de corpus textuais
GI-1534 Grupo de Estudos para a Prehistoria do NW Ibérico. Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio (GEPN-AAT)	Análise arqueohistórica da Prehistoria e Antigüidade do Noroeste Ibérico

B. Ciencias Sociais e Xurídicas

Grupo de Referencia Competitiva	Liña
GI-1883 Grupo de análise e Modelización Económica (GAME)	Impacto Económico e Social da Actividade Socio sanitaria
GI-1876 Empresa e Administración - EA	Réxime xurídico e económico da dixitalización
GI-1871 Análise territorial - IDEGA	Cartografías da crise e da vulnerabilidade: o establecemento de modelos territoriais de análise para a sustentabilidade
GI-1790 Escola Cultura (ESCULCA)	Dixitalización e Procesos Educativos Emerxentes en Ambientes Formais e Non Formais de Aprendizaxe. Os novos Desafíos para unha Cidadanía Inclusiva.
GI-1416 Unidade de Investigación das Conductas de Risco e os Trastornos no Desenvolvemento (UNDERISK)	Traxectorias de desenvolvemento dos problemas de conduta de inicio temperán
GI-1447 Pedagogía Social e Educación Ambiental (SEPA-interea)	Educación, ecocidadanía, equidade e inclusión social

C. Ciencias da Saúde

Grupo de Referencia Competitiva	Liña
GI-1734 Toxicoloxía Forense (FORTOX)	Avaliación da exposición humana a sustancias emerxentes e os seus potenciais efectos sobre a saúde
GI-1626 Cromatografía e Quimiometría (ChromChem)	

GI-1643 Nanotecnoloxías aplicadas ao deseño de sistemas de liberación de fármacos (NANOBIOFAR)	Nanomedicina personalizada
GI-1645 I+D en formas de dosificación e sistemas de liberación de medicamentos - I+DFARMA	Medicamento 4.0
GI-2127 Grupo de Bioestatística e Ciencia de Datos Biomédicos - GRID	Ciencia de Datos en Biomedicina
GI-1807 Neurociencia Cognitiva Aplicada e Psicoxerontoloxía (NeuCogA-Aging)	Envellecemento humano

D. Ciencias

Grupo de Referencia Competitiva	Liña
GI-1563 Enxeñaría matemática (mat+i)	Esquemas semi-implícitos para a solución numérica de modelos mecánicos continuos
GI-1470 Magnetismo e Nanotecnoloxía (NANOMAG)	Clústeres metálicos de baixa atomicidade: deseño e optimización de síntese por métodos químicos e aplicacións Biomédicas, en Enerxía e Medio Ambiente.
GI-1622 Grupo de Elementos Traza, Espectroscopia e Especiación (GETEE)	
GI-1487 Grupo de Materiais Cuánticos e Fotónica (QMatterPhotonics)	Materiais avanzados para o almacenamento e a eficiencia enerxéticas.
GI-2055 Grupo de física de coloides y polímeros (GFCP)	
GI-1488 Nanomateriais, fotónica e materia branda - NAFOMAT	
GI-1581 Química macrocíclica y organometálica - QUIMAOR	Plataformas versátiles de produtos farmacéuticos con metalociclos transicionais para a investigación en terapias contra o cancro
GI-1243 Grupo de estudos mebioambientais aplicados ao patrimonio natural e cultural (GEMAP)	Desenvolvemento de tecnoloxías medioambientais innovadoras para a conservación do patrimonio cultural en pedra

E. Campus Terra

Grupo de Referencia Competitiva	Liñas
GI-1809 Biodiversidade e Botánica Aplicada - BIOAPLIC	Xestión ambiental e territorial
GI-1934 Territorio-Biodiversidade - Te-Bio	
GI-1648 Sistemas silvopastorais – SILVOPAST	Agronomía y sistemas agroforestais
GI-1837 Unidade de Xestión Forestal Sostible (UXFS)	Xestión forestal sostible
GI-1682 Toxinas mariñas: mecanismos de transducción, usos terapéuticos e métodos de detección (FARMATOX)	Investigación farmacoxenómica
GRC GI-1251 Xenética para a acuicultura e a conservación de recursos (ACUIGEN)	

GI-1222 Laboratorio de Referencia de Escherichia coli
(LREC)

Investigación microbiolóxica e
xenómica

GRC GI-1251 Xenética para a acuicultura e a
conservación de recursos (ACUIGEN)

ANEXO II. Liñas de investigación vinculadas a Centros Singulares de Investigación

Centro	Liña	Modalidade
CiMUS	Estudo dos mecanismos transcricionais e postrancricionais no desenvolvemento de fígado graxo de índole metabólica e alteracións do sistema nervioso periférico	Sergio Vidal
CiQUS	Fotocatálise en química sintética e biolóxica	Manuela Barreiro
CiTIUS	Computación na nube e realidade virtual para simulación científica inmersiva	Manuela Barreiro*
IGFAE	Estudos do sector de Higgs en Teorías Efectivas do Modelo Standard	Manuela Barreiro
	Oscilacións de mesóns B en LHCb	Manuela Barreiro
	Detección Experimental de Ondas Gravitacionais	Sergio Vidal

* *Dedicación parcial ao 75%*

Anexo III. Comisi3ns especializadas de selecci3n dos Grupos de Referencia Competitiva.

a) Comisi3n Especializada de Selecci3n de Humanidades

Titulares

Presidente: Antonio Azaustre Galiana, Catedr3tico da USC

Secretaria: Blanca Puig Mauriz, Profesora Contratada Doutora da USC

Vogal 1: Pedro Manuel L3pez Barja de Quiroga, Profesor Titular da USC

Vogal 2: Roc3o S3nchez Ameijeiras, Profesora Titular da USC

Vogal 3: Laura Mar3a Lojo Rodr3guez, Profesora Titular da USC

Suplentes

Presidenta: Fernando Cabo Aseguinolaza, Catedr3tico da USC

Secretario: Javier Guti3rrez Carou, Profesor Titular da USC

Vogal 1: Mar3a Mercedes D3az de Cerio D3ez, Catedr3tica da USC

Vogal 2: Isidro Dubert Garc3a, Catedr3tico da USC

Vogal 3: Helena Rosa de Carlos Villamar3n, Profesora Titular da USC

b) Comisi3n Especializada de Selecci3n de Ciencias Sociais e Xur3dicas

Titulares

Presidente: Juan Julio Lu3s Carmona Bad3a, Catedr3tico da USC

Secretaria: Isabel Fraga Carou, Profesora Titular da USC

Vogal 1: Amparo Grau Ru3z, Catedr3tica da Universidade Complutense de Madrid

Vogal 2: Miguel 3ngel Ca3nzos L3pez, Profesor Titular da USC

Vogal 3: Alfredo Jim3nez Eguiz3bal, Catedr3tico da Universidade de Burgos

Suplentes:

Presidenta: Mar3a Isabel Neira G3mez, Profesora Titular da USC

Secretaria: Paula Villar Torres, Profesora Titular da USC

Vogal 1: Jos3 Julio Fern3ndez Rodr3guez, Profesor Titular da USC

Vogal 2: Mar3a Luisa Chas Amil, Profesora Titular da USC

Vogal 3: Mar3a 3ngeles Parrilla Latas, Catedr3tica da Universidade de Vigo

c) Comisi3n Especializada de Selecci3n de Ciencias da Sa3de (Campus Vida)

Titulares

Presidente: Manuel López-Rivadulla Lamas, Catedrático da USC

Secretaria: Carmen Álvarez Lorenzo, Catedrática da USC

Vogal 1: Rafael Cela Torrijos, Catedrático da USC

Vogal 2: Geert Molenberghs, Catedrático da Universidade de Hasselt (BE)

Vogal 3: María Dolores Ramona Torres López, Catedrática da USC

Suplentes

Presidente: Fernando Díaz Fernández, Catedrático da USC

Secretaria: Mariana Landín Pérez, Profesora Titular da USC

Vogal 1: Marcos García Fuentes, Profesor Titular da USC

Vogal 2: Christel Faes, Catedrática da Universidade de Hasselt (BE)

Vogal 3: Montserrat Zurrón Ocio, Profesora Titular de Universidade da USC

d) Comisión Especializada de Selección de Ciencias (Campus Vida)

Titulares

Presidenta: María Teresa Moreira Vilar, Catedrática da USC

Secretario: Jesús Ramón Aboal Viñas, Profesor Titular da USC

Vogal 1: Enrique Lomba García, Profesor de Investigación de Ikerbasque

Vogal 2: Rosa María Donat Beneito, Catedrática da Universidade de Valencia

Vogal 3: María Teresa Pereira Lorenzo, Catedrática da USC

Suplentes

Presidente: Juan Manuel Viaño Rey, Catedrático da USC

Secretaria: Beatriz Magariños Ferro, Profesora Titular da USC

Vogal 1: Elvira Guàrdia Manuel, Catedrática da Universidade Politècnica de Catalunya

Vogal 2: Luís Manuel Liz Marzán, Profesor de Investigación de Ikerbasque

Vogal 3: Daniel Miguel San José, Catedrático da Universidade de Valladolid

e) Comisión Especializada de Selección do Campus Terra

Titulares

Presidente: Antonio Rigueiro Rodríguez, Catedrático da USC

Secretario: David Miranda Barros, Profesor Titular da USC

Vogal 1: Esperanza Álvarez Rodríguez, Catedrática da USC

Vogal 2: Luis Botana López, Catedrático da USC

Vogal 3: Laura Elena Sánchez Piñón, Catedrática da USC

Suplentes:

Presidenta: María Rosa Mosquera Losada, Catedrática da USC

Secretario: Pablo Ramil Rego, Profesor Titular da USC

Vogal 1: Juan Gabriel Álvarez González, Catedrático Universidade da USC

Vogal 2: María Carmen Bouza Fernández, Profesora Titular da USC

Vogal 3: Jorge Blanco Álvarez, Catedrático da USC

Anexo IV. Comisión especializada de selección dos Centros singulares de investigación

Titulares

Presidente/a: Laura Elena Sánchez Piñón, Catedrática da USC

Secretario/a: Carlos Alberto Salgado López, Profesor Titular da USC

Vogal 1: Senén Barro Ameneiro, Catedrático da USC

Vogal 2: Carlos Diéguez González, Catedrático da USC

Vogal 3: Dolores Pérez Meirás, Catedrática da USC

Suplentes:

Presidenta: Carmen Isabel Álvarez Lorenzo, Catedrática da USC

Secretaria: Elena González Ferreiro, Profesora Titular da USC

Vogal 1: Paula López Martínez, Profesora Titular da USC

Vogal 2: María Isabel Loza García, Catedrática da USC

Vogal 3: José Luis Mascareñas Cid, Catedrático da USC

PROGRAMA PILOTO DE LA UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA LA CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSONAL INVESTIGADOR DISTINGUIDO - CONVOCATORIA 2021

La Programación Plurianual 2019-2022 de la USC, cuyas líneas fueron aprobadas en el Claustro el 29 de noviembre de 2018, incluye la elaboración de un Plan de Captación y Retención de Talento Investigador desde el convencimiento de que nuestra Universidad constituye un entorno científico y académico de primer nivel en el contexto universitario español para impulsar la carrera científica del personal investigador. Por consiguiente, constituye un doble objetivo para este período:

- a) Crear las condiciones más favorables para impulsar la incorporación en todas las áreas de conocimiento de la USC de personal investigador reconocido, contribuyendo de este modo a enriquecer la masa crítica científica y la base académica institucional
- b) Incentivar la incorporación de nuevos perfiles científicos en áreas de I+D de carácter estratégico en los procesos de especialización de los campus, centros o unidades de investigación de referencia.

La Universidad de Santiago de Compostela busca, de esta forma, fortalecer la actividad investigadora de alto nivel y proyección internacional, en línea con las recomendaciones de la Carta Europea del Investigador y con el Código de Conducta para la contratación de investigadores (EE/2005/251/CE).

Por otra parte, en el Plan de Acción que recoge la Estrategia de Recursos Humanos para el Personal Investigador (Human Resources Strategy for Research - HRS4R) de la USC, se incluye la mejora, entre otros, de los procesos y procedimientos para la selección y contratación del personal investigador.

La USC estableció las bases de la carrera investigadora en el Acuerdo sobre la clasificación profesional y las condiciones retributivas del personal investigador y del personal de apoyo a la investigación de la Universidad de Santiago de Compostela (DOG 237, 24 de noviembre 2020) a través de la negociación con la parte social y teniendo en cuenta las demandas de las estructuras de investigación.

El impulso a este camino iniciado en 2018 precisa de un programa propio de I+D+i que sirva para potenciar la actividad investigadora mediante la incorporación de la figura de personal investigador distinguido al amparo del artículo 23 de la Ley 14/2011, de 1 de junio, de la ciencia, tecnología e innovación, desarrollada en los términos y con las condiciones recogidas en el Acuerdo mencionado.

Este programa piloto deberá ser un primer paso en el desarrollo pleno de la carrera investigadora y debe implicar un sustancial cambio del modelo de financiación de la actividad investigadora para asegurar su permanencia.

